



Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro

O Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro sitúase na aldea do Cebreiro, entrada a Galicia do Camiño Francés a Santiago de Compostela, declarado Conxunto Histórico Artístico en 1962 polo seu valor patrimonial como integrante desa ruta de peregrinación.

As catro pallozas que constitúen o conxunto etnográfico foron adquiridas pola Dirección Xeral de Belas Artes nos anos 60, grazas á mediación de D. Manuel Chamoso Lamas, que tamén foi artífice da creación do *Museo Etnológico de la Montaña* inaugurado en 1971. Diversas vicisitudes administrativas fixeron que o seu funcionamento recaese nos bos oficios do párroco D. Elías Valiña, figura fundamental na revitalización da ruta xacobeá, quen logrou manter aberta como «museo» a palloza de Xan López e as outras tres con usos relacionados coa peregrinación.

A partir do ano 2004 a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, titular da xestión, inicia a recuperación física e funcional das catro pallozas de titularidade pública que hoxe conforman este conxunto etnográfico: a de Xan López, a do Quico e a de Galán musealizadas e a de Campelo para outras funcións do conxunto museal.

Conxunto Etnográfico do Cebreiro.
34 - 982 367 053 C.P. 27671, O Cebreiro.
Pedrafita do Cebreiro, Lugo.

Horario:
museos.xunta.gal/cebreiro



CONXUNTO ETNOGRÁFICO
DO CEBREIRO



Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro





A palloza: unha vivenda adaptada ó medio

As pallozas, vivendas características dos Ancares, localízanse tamén noutras zonas de montaña do noroeste peninsular. A súa peculiar configuración relaciónase coa súa idónea adaptación ó hábitat e ó modelo económico da montaña.

A axeitada organización dos seus elementos construtivos garante un bo illamento do exterior mediante a planta sen esquinas, os grosos muros sen apenas vans e a cuberta de colmo ou palla de centeo. Esta cuberta, disposta sobre unha armazón de madeira e curtida polo fume, soporta o peso da neve. A súa orientación, a posición da lareira e a estabulación do gando permiten manter estable a temperatura no seu interior. Todos estes elementos definen unha efectividade arquitectónica que explica a pervivencia da palloza pese á presenza doutros tipos construtivos.

No seu interior diferéncianse dúas partes principais: o ástrago, espazo de habitación das persoas, e a estravariza ou cortes do gando. No ástrago está a lareira, onde se dispoñía o lume. A lareira era o lugar onde se xuntaba a familia, onde comían e se facían diversos traballos: preparaban os alimentos, fiaban o liño e a lá, amañaban zocas e ferramentas... Sobre ela sitúanse o canizo e os sarillos nos que se poñían alimentos como as castañas, os queixos ou as carnes da matanza, para afumalos e protexelos dos roedores. Preto da lareira están os mobles de almacenaxe: lacenas, huchas e arcas. Pode tamén haber un forno e pequenos cortellos para as crías ou o gando menor, máis necesitados de calor. No ástrago está tamén a alcoba, cuarto pechado con taboleiros de madeira e espazo privado que correspondía ó matrimonio de máis idade da casa.

Na estravariza, ademais das cortes do gando, gardábanse o carro e diversas ferramentas. Podía contar cun piso intermedio de madeira, a barra, onde se almacenaban a herba e as colleitas e que era tamén empregado para durmir, aproveitando a calor xerada polos animais nas cortes.



O modelo produtivo da montaña

A palloza era tamén o núcleo a partir do que se artellaban as actividades produtivas baseadas nun modelo tradicional de gandaría extensiva, agricultura e aproveitamento do monte. Este último foise transformando, polo traballo labrego, en pastos para o gando e labradíos. A labranza, condicionada pola pobreza dos solos e a dureza do clima, baseábase na produción de cereais xunto con outros cultivos, como as patacas e as fabas. O centeo ou «pan» é o cereal por excelencia da montaña por ser o que mellor se adapta ó terreo e ó clima. O gran formaba parte importante da dieta das persoas, mentres a palla era empregada nas cortes do gando e como materia prima para os teitos das pallozas.

Nas terras próximas ós vales sementaban o liño para a fabricación de tecidos. Preto da vivenda cultivaban a horta. Das árbores aproveitaban froitas como as mazás e sobre todo as castañas, alimento que explica a importancia dos soutos na paisaxe de montaña.

Tratábase dunha economía de subsistencia, na que a familia producía o que necesitaba cunha mínima dependencia do exterior.



R.A.G. Belas Artes, Arq. "Manuel Chamoso Lamas", sg. F1180008

A familia ancaresa

O núcleo da sociedade ancaresa era a familia extensa, formada por varias xeracións e encabezada polo matrimonio de máis idade, titular do patrimonio. Nesta organización familiar o habitual era que o fillo primoxénito fose quen herdase a casa e o seu patrimonio para evitar, con esta mellora, a división dos bens e asegurar a súa pervivencia, aínda que dificultaba a situación do resto dos irmáns; estes quedaban ó cargo do primoxénito, podendo tamén obter algún ingreso como xornaleiros, adicándose a algún oficio, ou mesmo emigrar.

Na montaña ancaresa as duras condicións de vida son as que determinan o carácter dos seus labregos. Esta imaxe de austeridade e dureza é a que transmiten os numerosos viaxeiros que chegan a Galicia atravesando este paso na serra.